



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ELECTORAL XERAL DA UDC.

Secretaría Xeral

30 de setembro de 2010

I. MEMORIA EXPLICATIVA

PRIMEIRO.- Antecedentes.

O Regulamento Electoral Xeral é a norma común reguladora dos procesos electorais que se celebran na UDC para a elección de órganos colexiados e unipersoais.

Como norma de referencia, aplícase para a elección de representantes en Claustro, xuntas de facultade e xuntas de escola e consellos de departamento; ben como da elección de decanos e directores de centro, Directores de departamento e membros do Consello de Goberno elixidos de entre decanos de facultade, directores de escola e directores de departamentos e institutos universitarios.

A última versión do Regulamento Electoral Xeral da UDC foi aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión de 30 de outubro de 2008.

Esta modificación estaba xustificada pola adaptación das normas da UDC sobre a elección de decanos e directores de centro, de directores de departamento, e de representantes en Claustro, xuntas de facultade ou de escola e consellos de departamento ás modificacións introducidas na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU), pola Lei orgánica 4/2007 de 12 de abril, de Universidades (BOE de 13 de abril de 2007; en diante, LOMLOU). Como consecuencia desta reforma, tamén houbo que adaptar urxentemente os Estatutos da Universidade mediante o Decreto 194/2007 de 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007)¹.

SEGUNDO.- Oportunidade da innovación normativa.

Porén, a actualización do Regulamento deixou sen atender un aspecto importante, que tampouco foi incorporado á última modificación dos Estatutos en 2007, e que debe ser agora abordado: trátase da *incorporación das medidas legalmente establecidas para camiñar cara a igualdade de xénero no ámbito da representación.*

1 A modificación dos Estatutos adoptada mediante Decreto 194/2007, de 11 de outubro, foi aprobada de maneira urxente polo Claustro da UDC o 29 de maio de 2007, cando aínda non transcorrira un mes desde a entrada en vigor da LOMLOU (Lei Orgánica que entrou en vigor o 4 de maio, conforme á vacatio legis subsidiaria de 20 días prevista no artigo 5 do Código Civil).

Estas medidas legais foron introducidas na LOMLOU e na Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, co ánimo de adaptar a nosa lexislación interna ás políticas de paridade de xénero impulsadas desde a Unión Europea.

Así, a Exposición de motivos da LOMLOU di que *“Esta Ley impulsa la respuesta de las universidades a este reto a través no sólo de la incorporación de tales valores como objetivos propios de la universidad y de la calidad de su actividad, sino mediante el establecimiento de sistemas que permitan alcanzar la paridad en los órganos de representación y una mayor participación de la mujer en los grupos de investigación. Los poderes públicos deben remover los obstáculos que impiden a las mujeres alcanzar una presencia en los órganos de gobierno de las universidades y en el nivel más elevado de la función pública docente e investigadora acorde con el porcentaje que representan entre los licenciados universitarios”*.

Para plasmar normativamente esta vontade política, o artigo 13 da LOU, na redacción dada pola LOMLOU, establece que *“Os estatutos establecerán as normas electorais aplicábeis, as cales deberán propiciar nos órganos colexiados a presenza equilibrada entre homes e mulleres”*. Esta norma remite aos estatutos a concreción das medidas que deba considerarse aptas por cada universidade, no ámbito da súa autonomía universitaria, para lograr a satisfacción do concepto xurídico indeterminado que é a *“presenza equilibrada”*.

En tal sentido, o concepto *“presenza equilibrada”* foi interpretado pola Disposición adicional primeira da Lei Orgánica 3/2007, de 20 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres: *“Para os efectos desta Lei entenderase por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexa menos do corenta por cento”*. Esta regra xeral, sen embargo, pode estar suxeita a ponderación ou modulación polas normas sectoriais especiais cando o universo representado sexa reducido, tal e como fixo o artigo 44 bis da Lei Orgánica Electoral Xeral, introducido pola Lei Orgánica 3/2007².

2 En efecto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 3/2007, modificou a LOEX no sentido seguinte (artigo 44 bis): *“As candidaturas que se presenten para... deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes, de forma que no conxunto da lista os candidatos de cada un dos sexos supoñan como mínimo o corenta por cento. Cando o número de postos para cubrir sexa inferior a cinco, a proporción de mulleres e homes será o máis próxima posible ao equilibrio numérico (...) Tamén se manterá a proporción mínima do corenta por cento en cada tramo de cinco postos. Cando o último tramo da lista non alcance os cinco postos, a referida proporción de mulleres e homes nese tramo será o máis próxima posible ao equilibrio numérico, aínda que se deberá manter en calquera caso a proporción exigible respecto do conxunto da lista. 3. Ás listas de suplentes aplicaráselles as regras contidas nos anteriores puntos.”*. Porén, o propio artigo 187 LOEX establece que *“O previsto no artigo 44 bis desta lei non será exigible nas candidaturas que se presenten nos municipios cun número de residentes igual ou inferior a 3.000 habitantes”*.

Este enfoque é o conveniente no ámbito da Universidade, dado que non todos os cargos universitarios resultan ter a mesma natureza, nin pola súa composición, nin pola forma de elección: hai cargos unipersoais que resultan de libre designación, para os cales as normas de cumprimento da paridade de xénero non poden ser aplicadas mecanicamente; hai cargos unipersoais que son sometidos a elección por sufraxio universal ponderado, como é o caso do Reitor ou Reitora, e hai cargos representativos en órganos colexiados por elección directa ou indirecta (caso dos representantes do Claustro en Consello de Goberno).

A casuística do ámbito universitario fai preciso adoptar unha xeometría variable que axuste a paridade a tales circunstancias específicas e, en especial, á situación da propia UDC, distinguindo órganos colexiados de unipersoais, e órganos escollidos por elección ou por designación.

Ademais do anterior, a reforma proposta contempla outra modificación de menor transcendencia. Trátase da actualización das circunscricións electorais recollidas no Anexo do Regulamento Electoral Xeral, para adaptalas ao previsto polo Decreto 150/2010 (DOG nº 184, de 23 de setembro), polo que se autorizou a fusión da Escola de Estudos Empresariais e a Facultade de Económicas nun centro único, a Facultade de Economía e Empresa, ben como tamén a nova denominación de Facultade de Ciencias do Traballo para a anterior Escola de Relacións Laborais de Ferrol.

TERCEIRO.- Rango normativo.

A habilitación normativa para incorporar ao dereito universitario propio as medidas de paridade de xénero no ámbito da representación pode entenderse contida na disposición adicional oitava da LOMLOU, na que se establece que *“as universidades adaptarán os seus estatutos conforme ao disposto na presente Lei nun prazo máximo de tres anos. Mentres non se produza a adaptación dos estatutos, os consellos de goberno das Universidades poderán aprobar a normativa de aplicación que sexa necesaria para o cumprimento do establecido nesta Lei”*.

Abordar agora unha modificación puntual dos Estatutos a este só efecto non parece razoable, dado que hai que renovar, precisamente, o Claustro universitario. Por esa razón, e por razóns de axilidade e seguridade xurídica, parece conveniente recoller estas medidas no Regulamento Electoral Xeral, sen prexuízo de que, nunha modificación posterior dos Estatutos, se incorporen á norma de maior rango da Universidade da Coruña.

Convén sinalar, no entanto, que nos recentes procesos electorais celebrados nas Universidades de Santiago e Vigo as medidas de adaptación á paridade de xénero foron incorporadas nos actos de convocatoria das eleccións³.

CUARTO.- Modificacións propostas.

³ No caso da Universidade de Vigo, as normas do procedemento para a elección dos membros do Claustro foron aprobadas pola Comisión Electoral mediante acordo de 4 de marzo de 2010, posteriormente ampliadas mediante unhas *“normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas comisións delegadas do Consello de Goberno”*.

A) PARIDADE

As medidas de paridade que incorpora a presente modificación ao Regulamento Electoral Xeral combinan dous grandes momentos ou facetas do procedemento electoral:

a) Presentación de candidaturas.

Trátase aquí de estimular ou incentivar a concorrencia do xénero infrarrepresentado aos procesos electorais, tanto os conducentes a elixir órganos colexiados como unipersoais.

Neste ámbito, a dificultade provén da configuración do sufraxio pasivo –o feito de ser elixible e candidatar– como un dereito individual⁴, e da configuración do sufraxio activo en réxime de listas abertas. Ambas circunstancias obrigan, con carácter xeral, a respectar o dereito a presentarse e a votar individualmente a calquera persoa que candidate cumprindo o Regulamento.

Porén, o artigo 15.3 do REX prevé a posibilidade de os candidatos presentarse baixo unha candidatura colectiva ou de grupo aos efectos de organización da campaña electoral⁵. Neste sentido, parece conveniente adoptar aquí o criterio plasmado polo art. 44 bis da LOREX (*“Cando as candidaturas se agrupen en listas, tales listas deberán ter igualmente unha composición equilibrada de mulleres e homes, de forma que a proporción dunhas e outros sexa o máis cercana posible ao equilibrio numérico”*⁶), ben que adaptado ao feito de que as listas no ámbito universitario seguen a ser abertas.

De aí que a proposta consista en que, cando as candidaturas se agrupen en listas, se *recomende* a composición equilibrada por razón de xénero, de forma que no conxunto da lista da correspondente circunscrición os candidatos de cada un dos sexos supoñan como mínimo o corenta por cento.

b) Parámetros de votación.

4 Conforme ao artigo 15.1 do REX vixente, *“Poden presentar candidaturas as persoas que, de conformidade con este regulamento, tiveren a condición de elixibles”*.

5 *“As candidaturas son individuais para os efectos de presentación, votación e escrutinio. Os candidatos poden agruparse para realizar a campaña electoral, en cuxo caso se indicará no seu escrito de presentación de candidaturas a denominación ou sigla que represente a agrupación, que se incluírá na papeleta electoral ao lado do nome do candidato. En caso de coincidencia na denominación ou sigla por parte de dúas ou máis agrupacións distintas darase preferencia á que se rexistrase con anterioridade”*.

6 Esta opción foi tamén a escollida na Universidade de Santiago nos procesos electorais de 2010: *“Co obxecto de tender á paridade na composición dos órganos colexiados, as agrupacións electorais procurarán non presentar máis dun 60% de membros dun mesmo sexo en cada circunscrición na que concorran”* (regra sétima do Acordo da Comisión Eleitoral Central de 23 de febreiro de 2010, *in fine*).

Os sistemas de votación poden e deben tamén utilizarse para lograr o obxectivo da paridade de xénero.

A posibilidade proposta é a de condicionar por razón de xénero o exercicio do dereito a voto, establecendo a posibilidade de votar como máximo un número determinado de homes e mulleres dentro da circunscrición correspondente que se axusten aos obxectivos de paridade (porcentaxe máximo 60%, mínimo 40 %).

Tal sistema foi o utilizado pola Universidade de Vigo, incorporando o criterio no artigo 12 do procedemento para a elección de membros do claustro universitario. En cada papeleta debe determinarse o número máximo de candidatos que se pode votar por elector así como o número máximo por cada xénero, o que favorece a claridade á hora de exercer o voto e reduce o risco de anulación de votos nulos.

Debe, no entanto, sinalarse que na fixación da táboa de triple columna mantense o criterio utilizado na actual versión do REX sobre a columna B (non redondear os postos), mais si se introduce o redondeo, nos termos previstos pola disposición adicional do propio REX, para evitar que da engádegas da porcentaxe do 60 % por razón de xénero se deriven distorsións indebidas do sistema de votación maioritaria. Por exemplo, de non realizar o redondeo na columna C, en caso de escoller cinco postos, só se poderían votar 3 como máximo (por aplicación do 70 %), e só se poderían votar como máximo unha persoa de cada xénero (por aplicación da regra do 60 % sobre eses tres postos que se poden votar), o que impediría que os votantes puidesen exercer o seu dereito a voto respecto de tres persoas.

Este sistema introdúcese no Regulamento Electoral Xeral da UDC mediante a nova redacción do artigo 20.3.

B) MODIFICACIÓNS DO ANEXO

A Escola Universitaria de Estudos Empresariais e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais desaparecen, fusionadas na Facultade de Economía e Empresa, ao que se adscribirán os departamentos de Economía Aplicada I (108), Economía Financeira e Contabilidade (109), Análise Económica e Administración de Empresas (134) e Economía Aplicada II (137).

Igualmente, a Escola Universitaria de Relacións Laborais pasa a denominarse Facultade de Ciencias do Traballo.

II. MEMORIA ECONÓMICA.

A presente modificación non supón novo gasto para o orzamento da Universidade da Coruña.

III. TEXTO ARTICULADO DA MODIFICACIÓN.

1. Engádese unha nova alínea 4 do artigo 15 do Regulamento Electoral Xeral da UDC:

“Cando as candidaturas se agrupen en listas, tales listas tenderán a ter unha composición equilibrada de mulleres e homes, de forma que no conxunto da lista da correspondente circunscrición os candidatos de cada un dos sexos supoñan como mínimo o corenta por cento”.

2. A alínea 3 do artigo 20 queda redixida así:

“Nas eleccións a representantes en órganos colexiados os electores e electoras poderán votar como máximo ao setenta por cento do número total de postos para cubrir, excepto no caso dun único posto, conforme á seguinte táboa, en que a columna A indica o número de postos para cubrir e a columna B o número máximo de candidatos a que se pode conceder o voto. Asemade, aos efectos de promover a paridade entre xéneros nos órganos colexiados, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo que se pode votar, de acordo coa distribución indicada na columna C:

A	B	C	A	B	C
1	1	1	21	14	8
2	1	1	22	15	9
3	2	1	23	16	10
4	2	1	24	16	10
5	3	2	25	17	10
6	4	2	26	18	11
7	4	2	27	18	11
8	5	3	28	19	11
9	6	4	29	20	12
10	7	4	30	21	13
11	7	4	31	21	13
12	8	5	32	22	13
13	9	5	33	23	14
14	9	5	34	23	14
15	10	6	35	24	14
16	11	7	36	25	15
17	11	7	37	25	15
18	12	7	38	26	16
19	13	8	39	27	16
20	14	8	40	28	17

3. Suprímense do Anexo do Regulamento Electoral Xeral a Escola Universitaria de Estudos Empresarias e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, e créase o centro da Facultade de Economía e Empresa. Asemade, suprímese a Escola Universitaria de Relacións Laborais e créase o centro Facultade de Ciencias do Traballo.

A Coruña, 30 de setembro de 2010

O SECRETARIO XERAL